

10 Xuño, 2019

Amador Castro por «Shanghai a Barcelona», Emma Pedreira por «Os corpos invisibles» e Rosa Aneiros por «Xelís, o guieiro das botellas de mar», premios Xerais 2019



O sábado, día 8 de xuño de 2019, anunciouse en Vigo o ditame da XXXVI edición do **Premio Xerais de Novela**, a XI edición do **Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil** e a XXXIV edición do **Premio Merlin de Literatura Infantil**, dotados con cadanseu premio de 10.000 euros.

«Shanghai a Barcelona» de Amador Castro

Premio Xerais de Novela 2019



O xurado da XXXVI edición do Premio Xerais de Novela, dotado con 10.000 euros e no que concorren 44 obras, está formado por: Ana Belén Moreda (profesora), Carlos Feijoo (avogado), Helena Torres (xestora cultural), Nuria Vil (poeta), Ana Abelenda (xornalista) e o profesor, crítico e escritor Ramón Nicolás que actuará como secretario do xurado, en representación de Xerais, con voz e sen voto, acordou declarar finalistas as obras presentadas baixo os lemas: "Tras de min a terra queimada", "peixe globo" e "Karolina".

Despois da súa última deliberación, acordou por maioría declarar como gañadora a presentada baixo o lema "Tras de min a terra queimada", que, despois de aberta a plica, resultou ser de **Amador Castro** e corresponde ao título **"Shanghai a Barcelona"**.

Amador Castro Moure naceu en Nandulfe-Chantada e vive dende a súa infancia en Barcelona. Licenciado en Ciencias políticas e socioloxía, traballa na creación de aplicacións informáticas e administrador de sistemas. Ten publicados dous libros:

"Memorias de antes do encoro", 2013 e "Pillabán, pillabán", 2018

"Shanghai a Barcelona":

Unha novela sobre a emigración galega a Barcelona.

O xurado do premio Xerais de novela 2019 estima que "Shanghai a Barcelona" presenta un orixinal emprego das voces narrativas, fiadas unhas con outras con afán de continuidade; destacamos a viveza e naturalidade dos diálogos e a efectiva creación dunha atmosfera abafante ao longo de toda a novela, alén da fusión dun rexistro coloquial nos personaxes cunha linguaxe lírica presente en forma de haikus.

Valoramos especialmente o contraste de espazos urbanos - nomeadamente a cidade de Barcelona- e outros situados no rural galego, sen esquecer o retrato singular da migración galega a Barcelona.

A xuízo do xurado esta é unha novela situada nun non-lugar literario, de difícil clasificación e, polo mesmo, de elevada orixinalidade.

Amador Castro declarou:

Comecei tarde nisto da novela. Non na literatura. Os poemas da adolescencia quedaron ali, agás os que publicou Xosé Lois García na súa escolma de poesía galega. Quedou a revista de poesía que editabamos entre catro amigos da man de José Carlos Menéndez, Isabel Clara-Simó e Àlex Broch. Cada un dos catro foi ao del. Un a Saint Louis University. Outro ao negocio familiar. O terceiro profesor de instituto. Eu atopei na informática o máis parecido a un proceso creativo. E os anos pasaron a ritmo vertiginoso sen sequera darme tempo de aprender o retrouso. Para máis eses anos non foron quen de matar o verme literario que seguía a roer por dentro.

Un día atopaste con tres novelas no peto. Andas xa dándolle voltas á seguinte. A que absorberá os teus miolos durante uns meses. Soa o teléfono. Número desconocido. Oes un rebumbio de xente do outro lado. "Ola son Fran Alonso". E ti non sabes quen é Fran Alonso pero semella moi ledo de falar contigo. Ese home que non coñeces, dáche unha nova que, de non te coller sentado, sería para caer de cu: "Parabéns, es o gañador do Xerais 2019". E non o podes crer. Van pasando o móvil de man en man, todas as persoas do Xurado. Parabenizante todas. Mientras ti vas sentado no "Dragonchain" a toda velocidade, subindo e baixando costas e espirais, incapaz de pechar a boca e cun nó no estómago. Do doutro lado da liña todo é ledicia e amabilidade. Do teu lado un trebón que te abanea de lado a lado, unha cicloxénese explosiva que arrasa coa tranquilidade que estabas a vivir nas praias de Menorca.

Agora, éñcheme o corpo todo un enorme sentimento de agradecemento para toda a xente que sempre creu en min.

«Os corpos invisibles» de [Emma Pedreira](#)

Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil, 2019



O xurado da XI edición do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil,

dotado con **10.000 euros** e no que concorren **20** obras, está formado por: Javier Balea (divulgador científico, creador de "Moléculas en galego"), María Cerdeira González (estudiante de Ciencias da Educación), David Díaz Díaz (profesor de Lingua galega e literatura, coautor de "Bolboretas no bandullo"), Tensi Gesteira Estévez (responsable do blog "Lecturafilia"), Olga Nogueira (profesora de Lingua galega e literatura) e a profesora da Facultade de Ciencias da Educación da UVigo e crítica Isabel Mociño González, que actuará como secretaria do xurado, en representación de Xerais, con voz e sen voto, acordou declarar finalistas as obras presentadas baixo os lemas: "**Prometea**", "**Dunas**", "**Todo é fume?**" e "**Ada Lovelace**".

Despois da súa última deliberación, acordou por unanimidade declarar como gañadora a obra presentada baixo o lema "Prometea", que, despois de aberta a plica, resultou ser de **Emma Pedreira** e corresponde ao título "**Os corpos invisibles**".

Emma Pedreira (A Coruña, 1978). Filóloga, poeta e narradora. Membro da Plataforma de Crítica Feminista A Segá. Forma parte da denominada Xeración Poética dos 90.

Como poeta publicou "Diario bautismal dunha anarquista morta", (1999, Premio Johán Carballeira), "Grimorio" (2000, Premio Eusebio Lorenzo Baleirón), "Corpo" (2001, Premio Faustino Rey Romero), "As posturas do día" (2001), "Velenarias" (2001, Premio Johán Carballeira), "Os cadernos d'amor e os venenos" (2002, Premio Johán Carballeira), "Casa de orfas" (2006, Premio Fiz Vergara Vilariño), "Xoguetes póstumos" (2010), "Antítese da ruína" (2011, IX Premio de poesía Novacaixagalicia), "Libro das mentiras" (2012, Certame de poesía Concello de Carral) e "s/t" (Xerais, 2015, Premio Gonzalo López Abente).

Como narradora publicou "Bestiario de silencios", (2001), "As cinzas adentras" (2004), "Corazón e demais tripas" (2016, Premio Narrativas Quentes), "Bibliópatas e fobólogos" (2017, Premio da Crítica de narrativa galega 2018). En 2018 gañou o Premio Xerais de Novela con "Besta do seu sangue".

«Os corpos invisibles»:

No seu ditame, o xurado Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil sinalou o seguinte:

A orixinalidade da perspectiva adoptada para o desenvolvimento da trama; a innovación no seu achegamento a un clásico universal e ás autoras inglesas da época vitoriana; o firme feminismo da obra; o retrato social focalizado en problemáticas femininas e a visibilización do papel das mulleres. Tamén destacan o tratamiento da violencia económica e a loita por ver recoñecidos os logros científicos e intelectuais das mulleres fronte á apropiación que deles fixo o patriarcado ao longo da historia.

Emma Pedreira explicou que:

Gañar o Jules Verne é unha absoluta sorpresa. Téñolle moiísimo respecto á literatura escrita para ese que é o público máis esixente, natural, curioso pero tamén o más agradecido, o infanto-xovenil. Tardei en chegar ate aquí e decidirme a escribir unha historia que me levase a dialogar coa xente máis nova ou, mellor áinda na que eu puidese facer de medium para que a historia fale coa rapazada a través de "Os corpos invisibles". Todas as propostas que se artellan nesta novela entre histórica, metaliteraria e extravagante conflúen nun punto coñecido: as mulleres. As escritoras, as científicas, as traballadoras, as nais, as nenas esclavas, as rapazas que están a descubrir a súa sexualidade ou de que vai o mundo. Todo desde a ollada de L.C, unha rapaza de hai case dous séculos, traballadora dunha fábrica téxtil en plena revolución industrial e a dunha muller de clase alta, Prometea Stoner, unha vella amiga daquela escritora que a principios do XIX escribiu a primeira novela de terror da modernidade, Frankenstein.

"Os corpos invisibles" é, en clave ás veces de humor e outras veces de crítica social, unha crónica da desigualdade de clases mais tamén das discriminacións e violencias que, por xénero, viviron as mulleres que non puideron crear asinando cos seus nomes e deixaron os seus corpos invisibilizados para a historia.

«Xelís, o guieiro das botellas de mar» de [Rosa Aneiros](#)

Premio Merlin de Literatura Infantil, 2019



O xurado da XXXIV edición do Premio Merlin de Literatura Infantil,

dotado con **10.000 euros** e no que concorren **28** obras, está formado por: Sabela Fernández Treilles (profesora e asesora en Educación Infantil e Primaria), Sira González Rodríguez (bibliotecaria), María Jesús Iglesias García (profesora de Educación Infantil e Primaria), Ángel Iglesias Mariño (profesor e membro de Espazo Lectura), Andrés Meixide Gayoso (diseñador gráfico e ilustrador) e o crítico e escritor Miguel Vázquez Freire que actuará como secretario, en representación de Xerais, con voz e sen voto, acordou declarar finalistas as obras presentadas baixo os lemas: "**Berta Spencer**", "**Efebei**" e "**Nimbostrato**".

Despois da súa última deliberación, acordou por maiorfadearclarar como gañadora a obra presentada baixo o lema "Nimbostrato", que, despois de aberta a plica, resultou ser de **Rosa Aneiros** e corresponde ao título "**Xelís, o guieiro das botellas de mar**".

Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, 1976) é xornalista e traballa no Consello da Cultura Galega. Colabora habitualmente en distintos medios de comunicación. En 1999 presentou a súa primeira novela, "Eu de maior quero ser", á que seguiron "Corazóns amolecidos en salitre" (2002); "Resistencia" (Xerais 2003), Premio Arcebispo San Clemente, 2003; "O xardín da media lúa" (2004); "Veu visitarme o mar" (Xerais 2004); "Ás de bolboreta" (Xerais 2009), Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro xuvenil, 2009 e Premio The White Ravens (Internationale Jugend Bibliothek) 2010; "Sol de Inverno" (Xerais 2009), Premio Xerais de Novela 2009 e Premio Fervenzas Literarias á Mellor portada de adultos, 2009. En 2013 publica o primeiro título da trilogía "Ámote Leo A.": "Ámote Leo A. Destino xalundes" (Xerais 2013), ao que seguiron "Ámote Leo A. Estación de tránsito" (Xerais 2014) e "Ámote Leo A. Terminal de chegadas?" (Xerais 2014). Na colección Merlin publicou "A batalla da pequena Chañan Curi Coca" (Xerais 2017) e, en Sopa de Libros, "Orestes perde o sentido!" (Xerais 2019). No vindeiro mes de setembro aparecerá publicado na colección Merlin de Xerais "Tres bichicomás, dúas illas e unha serea", obra coa que gañou o Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade 2018.

«Xelís, o guieiro das botellas de mar»:

O xurado destaca a excepcional construcción dun universo propio, habitado por unha rica galería de personaxes que se sitúan entre o fantástico e o real, para tratar a problemática actual da crise ecolóxica e da contaminación do plástico. Salienta tamén a presentación do conflito entre tradición e cambio, así como a defensa do pensamento crítico e autónomo e a unión solidaria como medios para solucionar os problemas aos que se enfrenta a humanidade. A historia está tecida mediante o uso dun galego de gran riqueza léxica que, con todo, non dificulta a perfecta accesibilidade da lectura.

Rosa Aneiros ao coñecer o fallo dixo:

Agradezo moito ao xurado que escollese a "Xelís, o guieiro das botellas de mar" como gañadora do Merlin porque é unha obra de denuncia do deterioro do planeta, en particular dos océanos pola contaminación dos plásticos, pero tamén unha obra de esperanza sobre o poder da amizade e da forza do nós. Sempre hai unha botella ao mar para bisbarnos á orella. Ademais, no mes de xuño de hai dez anos recibía o premio Xerais e o agora chamado Jules Verne de literatura xuvenil, así que este premio é

unha gran maneira de conmemoralo. Estou desexando que Colérica, Estrañaria, Mult, Ilva, os sete guieiros da illa de Otlic e Jonás cheguen ás mans das nenas e nenos para compartir a súa grande aventura a través do mar.

A festa de entrega dos galardóns terá lugar no mes de outubro coincidindo coa aparición dos libros editados das obras gañadoras.

Deixa un comentario!

O teu nome *

O teu Email *